



CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DA ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DE IDIOMA INGLÉS, PARA A ADMISIÓN AOS ESTUDOS DE GRAO EN XESTIÓN INDUSTRIAL DA MODA, PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021

As normas vixentes que regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o procedemento de admisión ás universidades públicas españolas, permiten que as universidades poidan establecer requisitos para a admisión a determinadas ensinanzas. Non obstante, a acreditación do cumprimento destes requisitos non exime da realización dos trámites de acceso e admisión á universidade regulados polo Real decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

De acordo co disposto na memoria de verificación do Grao en Xestión Industrial da Moda, para ser admitido neste será necesario acreditar, polo menos, o cumprimento dun dos seguintes requisitos de coñecemento do idioma inglés, mediante a presentación de calquera dos seguintes xustificantes:

1. Certificación oficial de nivel B1 de inglés (só admitiranse os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior, www.acles.es).
2. Cualificación en inglés igual ou superior a 7 nos dous cursos de bacharelato.
3. Ter cursado, en sistemas educativos de fala inglesa, 4.º curso de ESO ou un curso de bacharelato.

Código Seguro De Verificación	Yu36gGtN9RWuf2gBDp3PjQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	27/04/2020 18:54:16
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Yu36gGtN9RWuf2gBDp3PjQ==		





4. Diploma de asistencia e aproveitamento de nivel B1.2 ou superior de inglés, ou diploma de dominio de nivel B1 ou superior de inglés do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por outros centros de linguas de universidades españolas.

De acordo co exposto, establécese o prazo desde o 29 de abril de 2020 ata o 19 de xullo de 2020, ambos os dous días incluídos, para presentar calquera dos xustificantes que acrediten o cumprimento do requisito para o acceso ao Grao en Xestión Industrial da Moda. Estes presentaranse a través da páxina web <http://gradoindustrialmoda.udc.gal/requisitos-ingles-y-plazos/>

CALENDARIO:

29/04/2020 a 19/07/2020	Presentación dos xustificantes
22/07/2020	Publicación da lista provisional de persoas con xustificantes admitidos
23/07/2020 a 30/07/2020	Reclamacións á lista provisional
03/08/2020	Publicación da lista definitiva e envío dos datos á CIUG

De conformidade co disposto na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, de declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria provocada polo COVID-19, os prazos e termos desta convocatoria non resultan suspendidos por se tratar dunha medida indispensable para o funcionamento básico do servizo público do ensino superior.

A Coruña,

O reitor

PD. (RR. 14-01-2020)

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	Yu36gGtN9RWuf2gBDp3PjQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	27/04/2020 18:54:16
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Yu36gGtN9RWuf2gBDp3PjQ==		

